

## PEZA DO MES

novembro

2010



**ACUBILLO DE MOEDAS ROMANAS DE PRATA. ANTONINIANOS**



ANTONINIANO DE GORDIANO III

## ACUBILLO DE MOEDAS ROMANAS DE PRATA. ANTONINIANOS

Segunda metade do século III d.C.

Escavación arqueolóxica na vila romana de Baños de Río Caldo, Lobios, 1990

Depósito no MAPOu.

Un acubillo, na súa acepción arqueolóxica, é un conxunto de pezas que aparecen agochadas polo seu dono e que agochadas chegan ata os nosos días, xa que non as recuperou de novo. Así acontece co acubillo de moedas romanas procedente da *villa/mansio* de Baños de Río Caldo, depósito no que a estrutura e disposición formal do edificio escavado –cun ambiente termal e outro de cociña diferenciados– corresponde a unha *villa* ou casa de campo dun terratenente. Sen embargo a súa localización tanto ó pe da *Via Nova* –hoxe destruída neste tramo polo camiño actual á Ponte Nova– como nunha zona na que os investigadores sitúan a *mansio Aquis Originis* –identificada en xeral con Baños de Río Caldo–, fan pensar que este edificio prestase tamén os servizos de índole pública correspondentes a esa estación de posta romana ou *mansio* denominada *Aquis Originis*.

O acubillo de Río Caldo está composto por nove antoninianos de prata –moedas introducidas por Caracalla no ano 215 d.C. nas que está presente unha característica coroa radiada do emperador– que apareceron agochadas no interior dun pequeno vaso cerámico, descuberto como resultado do proceso de escavación sistemática neste depósito durante a campaña de 1990 e nun contexto vinculable cun ámbito de cociña. Dentro deste ámbito de cociña, composto por dúas estancias, o acubillo docu-

mentouse na estancia máis pequena –cunha superficie interior de 10'85 m<sup>2</sup>–, na súa esquina NO. Estancia que presenta una morfoloxía en “P”, e no seu centro unha lareira ou fogar circular, elevado sobre o pavimento e separado deste por unha lixeira e ampla concavidade de seguridade ou cinseiro que, en conxunto, fai que o fogar conforme unha área circular de algo máis de 1 m de diámetro, estando toda a zona cuberta por unha importante camada de cinsas no momento da súa escavación. Un probable banco corrido de madeira nas paredes da estancia serviría para reunirse ó redor do lume. Trataríase, polo tanto, dun fogar que polo seu deseño sobrelevado sería similar ó da forxa da ferrería romana de Vilarenc (Tarragona).

A nivel histórico os acubillos aparecen vinculados a horizontes cronolóxicos que coinciden con momentos de inestabilidade ou inseguridade e inflación ou depreciación, aínda que tampouco se pode descartar un simple coleccionismo atesourador. Os acubillos tamén, en termos xerais relativos ao contexto de aparición, vincúlanse a achados ocasionais. Sen embargo no noso caso, a vantaxe que presenta sobre ditos acubillos achados ocasionalmente é que, ó ser froito dun proceso de escavación sistemática no depósito, a súa composición chegou ata nós tal como a concibiu o seu dono e non reducida ou dividida como, en xeral acontece cos máis numerosos acubillos vinculados a achados ocasionais e, polo tanto, con dúbidas de se dito achado chegou completo ó investigador. O acubillo de Río Caldo ten, polo tanto, a condición excepcional de acubillo pechado en canto que chega ata nós completo, tal como o seu dono o concibiu.

O contexto cronolóxico do acubillo, con moedas que van desde Gordiano III, no caso da máis antiga, ata Galieno, no caso da máis recente, (238-268 d.C.) sitúase na segunda metade do século III; século de crise para

algúns investigadores e de transición entre dous modelos de estado para outros, pero, en todo caso, tanto neste depósito como noutros da Galicia romana coincidente cun momento de abundante circulación monetaria durante os séculos III e IV d.C. É por iso que durante o século III tamén neste depósito están ben representados os antoninianos de bronce –ou cun posible baño superficial de prata xa perdido na maioría das moedas chegadas ata nós–, entre os cales destacan numericamente as cuñaxes de Galieno e en menor medida de Claudio II o Gótico, mentres que no século IV están igualmente ben representados os *folles* ou pequena moeda de bronce, con emisións especialmente correspondentes a Constantino I e ós seus sucesores.

O contexto cronolóxico do acubillo coincide tamén coa transición entre os sistemas monetarios altoimperial e baixoimperial, cando se produce a creba do sistema antigo baseado no denario e no sextercio e se instaura un sistema monetario dominando pola moeda de vellón altamente desvalorizada. A orixe desta transformación está na intensa manipulación de moeda que se ve obrigado a facer o estado romano para atender o incremento nos gastos militares nas zonas de fronteira ante a presión dos pobos bárbaros; incremento nos gastos que os emperadores do século III tratan de solucionar mediante a alteración do título das moedas circulantes, de tal xeito que xa desde o seu nacemento o antoniniano vai a aparecer como unha moeda desvalorizada, cun valor nominal superior ao intrínseco. A formación do acubillo coincide, probablemente, cun momento de abundante circulación monetaria e polo tanto de bo aprovisionamento especialmente das emisións de Galieno, e tamén de Claudio II o Gótico, pero tamén cuns gobernos destes dous emperadores que supoñen o nivel máis alto de inflación monetaria do século coa conseguinte difusión masiva de moedas de vellón desvalorizadas e polo tanto xa cun contido mínimo de prata. Serían, deste xeito, as de mellor lei as que se retiraron da circulación para conformar o acubillo.

O acubillo foi localizado no interior dun vaso cerámico realizado a torno, de deseño periforme de 10 cm de alto e de 4,9 cm de diámetro no bordo, de pasta fina, depurada e porosa na que tamén aparecen gránulos cerámicos vermellos de tamaño mediano como compoñentes claramente identificables dentro da pasta. Presenta cocción oxidante e a súa superficie exterior é de cor ocre alaranxado derivado do propio brunido ó que foi sometido a peza. As súas paredes son paredes relativamente finas e se a nivel de observación superficial non se visualizan restos de pigmento, sen embargo a observación a través de binocular si nos permite detectar restos moi degradados de bandas vermellas pintadas na zona da ombreira do vaso e na parte inferior do corpo. Bandas de pigmento vermello conformadas mediante pincel que non se deben confundir coas manchas vermellas horizontais resultantes do propio brunido ao contactar o elemento brunidor cos gránulos vermellos presentes na pasta.

Este vaso encontra, pois, o seu máis claro paralelismo a nivel formal e decorativo na cerámica pintada común de carácter rexional e de cronoloxía baixoimperial, onde

segundo Naveiro, como unha das formas mellor representadas están os pequenos búcaros ou vasos piriformes de paredes finas e polo xeral de colo pouco pronunciado. Son pezas de pequeno tamaño e así acontece co vaso da tumba 4 da necrópole tardorromana da Lanzada, de pasta amarelenta, moi fino e decorado con dúas zonas de liñas vermellas con pintura branca intermedia. O paralelismo formal está tamén presente noutro vaso da necrópole do Areal de Vigo e nos vasos das necrópoles de Vila do Conde e Laboriz, nestes dous casos xa en Portugal. Por iso para Naveiro son un tipo de pezas especialmente vinculadas a necrópoles tardías de inhumación e a contextos cronolóxicos do século IV d.C., se ben o seu uso na mesa entendemos que xa debía ser común cando menos na segunda metade do século III d.C., momento no que cabe datar a conformación do acubillo.

No relativo as moedas que compoñen o acubillo, a máis antiga corresponde a Gordiano III (238-244 d.C.), dúas a Treboniano Galo (251-253 d.C.), dúas a Valeriano I (253-260) e catro a Galieno (253-268), aínda que unha delas foi acuñada a nome de Salonina, esposa de Galieno. As emisións de Galieno representan, pois, o 44 % do acubillo, aspecto este que coincide cos datos que coñecemos para a circulación monetaria neste depósito, pois é con Galieno con quen hai un mellor aprovisionamento de moeda, seguindo a tónica xeral que coñecemos para a Península Ibérica. Tamén entre a moeda máis antiga –Gordiano III– a máis recente –Galieno– do acubillo hai un lapso de tempo moi curto o que nos manifesta unha dinámica de bo subministro de moeda e de rápida circulación. Finalmente a dispersión dos antoninianos no depósito, e especialmente no ámbito de cociña –maioritariamente de bronce ou cun probable e mínimo baño superficial de prata xa perdido– ponnos diante dun numerario abundante de baixa lei que continuará en circulación durante século IV, cando a pequena moeda de bronce –os característicos *folles*– é igualmente moi numerosa no depósito. Durante o século III é tamén cando se produce a descentralización da ceca de Roma a favor doutros centros emisores, pero no acubillo a ceca de Roma é a que presenta a supremacía –5 moedas–, mentres que *Mediolanum* (Milan) figura en dúas ocasións e *Siscia* (Sisak, Croacia) e *Moesia* (actual Serbia) figuran nunha ocasión cada unha.


É probable, en síntese, que a razón de ser deste acubillo sexa a de tesaurización, mais que a dun ocultamento por razóns de inseguridade ou inestabilidade, recollendo así da masa circulante aqueles exemplares de mellor peso e lei, máxime cando a segunda metade do século na maior parte do Imperio é un período caracterizado por unha gran inflación e por unha difusión masiva de moedas de vellón desvalorizadas. Así se reflicte na propia dispersión destas moedas no depósito de Baños de Río Caldo, onde hai un claro domino das emisións de bronce de Galieno, lóxica por canto é nestes anos –con Galieno e con Claudio II– cando se acadan as cotas máis altas de difusión masiva de moeda desvalorizada.



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR



ESCOLMA DE ESCULTURA, SALA SAN FRANCISCO



## MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

Máis información e imaxes na **nova páxina web**:

<http://www.musarqourense.xunta.es>

## ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a proto-historia ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

**Teléfono** : 988 230 430

**O horario de visita é o seguinte:**

martes a sábado: 9.30 a 14.30h

16.00 a 21.00h

domingo: 9.30 a 14.30h

luns pechado

## Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002. Ourense.

**Teléfono**: 988 223 884

**Horario de atención ao público**: de luns a venres, das 9.30h ás 14.30h e das 16.00h ás 20.30h

## PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

TEXTO: Manuel Xusto Rodríguez.

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego.

ISSN: 1579-9956

Depósito legal: VG 97-2004

Museo Arqueolóxico

XACOBEO 20 0  
Ga ca

XUNTA  
DE GALICIA